



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, E O CONCELLO DE
VILAGARCÍA DE AROUSA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS
COMPRENDIDAS NO PROXECTO “REFORMA DO XIMNASIO DO CEIP DE
RUBIÁNS (VILAGARCÍA DE AROUSA)”**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que esta Consellería formalizou co Concello de Vilagarcía de Arousa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día 3 de maio de 2016 ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Articular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Vilagarcía de Arousa para levar a cabo as obras do proxecto de “Reforma do ximnasio do CEIP de Rubiáns (Vilagarcía de Arousa)”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A edificación do ximnasio do CEIP de Rubiáns (Vilagarcía de Arousa) presenta unha serie de deficiencias que esixen acometer unha actuación de reforma integral que permita a súa operatividade en condicións de seguridade para a comunidade educativa





así como a súa utilización, fóra do horario lectivo, polos colectivos da poboación do centro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

(asinado dixitalmente)

